

# ANUARIO BRIGANTINO

Historia - Arte - Literatura - Antropoloxía - Entidades culturais e deportivas - Acontecementos do ano - Administración Municipal

*Fundado por D. Francisco Vales Villamarín*

*Director:* Alfredo Erias Martínez

*Secretario e asesor:* Julio Cuns Lousa

*Asesores:*

Manuel Ares Faraldo

José Antonio Miguez Rodríguez

*Colaboradores técnicos:*

Carlos Fernández Fernández

María Josefa Purriños Aller

María del Pilar Vázquez Ares

José María Veiga Ferreira

EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

1989

nº 12

Dos traballos asinados  
responden os seus autores,  
dos demás a dirección do ANUARIO

*Cuberta:*

*A Rúa dos Ferreiros vista desde o Arco da Ponte Nova. Portada dun tríptico turístico da provincia da Coruña, en francés, probablemente dos anos 40 ou 50.*

*Contracuberta:*

*Blasón municipal de Betanzos existente no antigo Colexio de Orfas, edificado arredor de 1780. A coroa, que aquí se reconstrúe hipotéticamente, foi picada polos exaltados da Primeira República.*

*Deseño da cuberta, composición e maqueta: Alfredo Erias.*

*Depósito legal: C-865/90*

*ISBN: 84-505-9464-2*

*Imprime: LUGAMI. Rúa de Santiago, 4, Betanzos.*



*Ilmo. Sr. Don Manuel Lagares Pérez  
Alcalde-Presidente do Excmo. Concello  
de Betanzos*

**T**odo cambia, e afortunadamente para mellor, se nos referimos ó mundo da Cultura en Betanzos. Porque 1989 siñificou a posta en funcionamento da Biblioteca Pública Municipal "Castelao" no edificio do antigo convento de Santo Domingo, na fase derradeira da súa rehabilitación. O ano seguinte será o da instalación do Arquivo Municipal e do Museo das Mariñas. E con estas institucións, íntimamente ligado a elas, vai o ANUARIO BRIGANTINO. Este número fixose por primeira vez en Santo Domingo.

Da gusto ver que xa son 12 os números desta publicación, que evidentemente vive os mellores anos da súa historia. Os traballos que aquí se conteñen son de un inestimable valor para coñecer o devir do noso pobo, o betanceiro e o galego en xeral. Unha vez máis, agradezo a tódolos colaboradores o seu desinteresado traballo, e de xeito especial o esforzo do director e asesores.

A handwritten signature in black ink, appearing to read "Manuel Lagares Pérez". The signature is fluid and cursive, with some stylized lettering and a small flourish at the end.

**D**esde o Anuario Brigantino 1983, nº 6, ata o Anuario Brigantino 1988, nº 11, o proceso técnico de traballo consistía en:

-Mandar á imprenta os orixinais, coas normas correspondentes en canto a tipos de letra, formato de páxina, etc., que ela, intermediaria doutras casas de composición, devolvía cando podía en forma de rollos.

-Esperar, correxi-las primeiras probas, logo cando as devolvían, as segundas, etc.

-Finalmente, viña o traballo de maquetación, consistente en cortar e pegar esos rollos de tal xeito que se formaran páxina a páxina tódalas do Anuario tal como se quería que aparecera. Había que ter en conta o texto principal, as notas a pé de páxina, os grabados, etc. Naturalmente a imprenta podía maquetar e con iso evitaríamos moitos quebredeiros de cabeza. Pero a cambio non controlaríamos como era debido ese proceso que se considerou fundamental desde o principio. Hai que dicir que esta laboura fixose ó longo de 6 anuarios (1.470 páxinas) nunha mesa de maquetación, que non é máis que unha mesa cun cristal, e debaixo del un par de luces fluorescentes. Alí se perdían e se queimaban as horas e os ollos.

-Logo levábase a maqueta á imprenta e ela facía o resto: fotolitos, planchas, impresión e encuadernación.

Pois ben, todo isto explicoo agora, porque houbo un cambio radical en todo o proceso (desde novembro de 1989) e o presente Anuario é o primeiro experimento a gran escala da nova situación técnica. O Excmo. Concello tivo a ben proporcionarnos un ordenador *Canon Personal Computer CTR Display A-2003*, máis un *Canon scanner* para lectura de imaxes e textos, e unha impresora *Canon LBP-8II Laser Beam Printer*. Todo elo rexido polo programa de autoedición *Canon Expression*.

Con este pequeno arsenal pasamos da prehistoria a outro mundo. Agora controlamos en pantalla a composición de texto (que antes non faciamos) e a maquetación. A corrección de probas polos propios autores é máis dourada e rápida e no futuro supón que será realidade o soño de ir facendo o Anuario Brigantino ó longo do ano sen sufrir todo o traballo de golpe nos derradeiros meses.


Agradezo ó Excmo. Concello a súa sensibilidade neste tema.

*O director*



## ÍNDICE

	Páxinas:
<b>HISTORIA, ...</b>	
Hospitales y médicos en Betanzos durante el siglo XVI (II): provisiones reales, por JOSÉ GARCÍA ORO.....	11
O marco xurisdiccional na antiga provincia de Betanzos, por ALFREDO ERIAS MARTÍNEZ e XOÁN MIGUEL GONZÁLEZ FERNÁNDEZ.....	17
Unos oran, otros trabajan: Clérigos, marineros, labradores y pobres brigantinos en el s. XVIII (La familia y la vivienda), por BERTA MARÍA VAQUERO LASTRES....	85
Mapa escolar da antiga provincia de Betanzos na segunda década do s. XIX, por PILAR MORANDEIRA ROEL.....	99
Apuntes sobre instituciones asistenciais en Betanzos, por CARLOS M. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ.....	115
Aspectos da defensa de Pontedeume na Primeira Guerra Carlista, por XOSÉ MARÍA VEIGA FERREIRA.....	125
La epidemia de "tifus", de 1853, en Betanzos, por JOSÉ CARRO OTERO y CARLOS FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ.....	129
"El Liceo Recreativo" de Betanzos, 1861-1874, por M <sup>a</sup> ÁNGELES RODRÍGUEZ OTERO.....	145
Temas brigantinos: La cuestión social a través de "La Defensa", por JOSÉ ANTONIO MIGUEZ.....	153
Apuntes sobre la Delegación del Consejo de Galicia en Europa (II), por JAVIER ALVAJAR LÓPEZ.....	175
<b>ARTE, LITERATURA, ANTROPOLOXÍA, ...</b>	
El convento de Santo Domingo de Ortigueira, por CARMEN MANSO PORTO.....	209
Noticias de profesores músicos de Betanzos, por XOÁN M. CARREIRA.....	221
Foto-memoria dunha vila, por XESÚS TORRES REGUEIRO.....	227
Manuel Roel, recreador do humor popular galego, por XESÚS TORRES REGUEIRO.....	223
Recuerdo y evocación de don Francisco Vales Villamarín, por JOSÉ ANTONIO MIGUEZ.....	249
Rabusco, por XULIO CUNS LOUSA.....	259
<b>ENTIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS, ...</b>	
Coordinación da organización de Arquivos Municipais da Coruña e Lugo, por ALFREDO ERIAS.....	290
Inventario do Arquivo Parroquial da Igrexa de Santiago de Betanzos, do seu anexo S. Martín de Bravío e das adscritas Capela de S. Roque e igrexa conventual de Santo Domingo, por ALFREDO ERIAS.....	297
Asociacións culturais.....	311
Al mejor entrenador, por BRAIS DA BOUZA.....	316
Actividade física na Natureza, por MIGUEL SÁNCHEZ ORTIZ.....	318
Vive a Natureza 89-90, por C.E.M.....	318
<b>ACONTECIMENTOS DO ANO.....</b>	<b>321</b>



Luis Otero: talla en madeira (1979).



*HISTORIA, ...*



Compañeros. Alfredo Erias.

Erias  
y-1984